

Resolución do 5 de marzo de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal de xestión e servizos.

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de concurso de méritos, dous postos de persoal de xestión e servizos (xefatura de sección de custos de persoal e retribucións e xefatura de grupo de subministracións e contratación administrativa).

Segundo.-As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, preferentemente, no rexistro da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, sito na avda. de Vigo, 16, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra así como na páxina web do Servizo Gallego de Salud (www.sergas.es).

Pontevedra, 5 de marzo de 2009.

Antonio Ángel Regueiro Martínez
Director xerente da Xerencia de Atención
Primaria de Pontevedra

Resolución do 5 de marzo de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal de xestión e servizos.

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da XAP de Pontevedra

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de libre designación, tres postos

de persoal de xestión e servizos (xefatura do Servizo de Xestión Económica, xefatura do Servizo de Servizos Xerais e Mantemento e xefatura de grupo adscrito á Dirección Asistencial).

Segundo.-As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, preferentemente, no Rexistro da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, sito na avda. de Vigo, 16, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios da XAP de Pontevedra así como nas páxinas web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Pontevedra, 5 de marzo de 2009.

Antonio Ángel Regueiro Martínez
Director xerente da Xerencia de Atención
Primaria de Pontevedra

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO MERCANTIL NÚMERO DOUS DE PONTEVEDRA

Edicto (367/2008).

Xulgado do Mercantil número dous de Pontevedra.

Xuízo verbal 367/2008-M.

Parte demandante: *EAJ48 Evolución Multimedia, S.L.U.*

Parte demandada: *A Medida Franquicias, S.L.*

No xuízo referenciado ditouse sentenza cuxo encabezamento e ditame é o seguinte:

«Sentenza nº 7.

En Pontevedra, 19 de xaneiro de 2009.

Vistos por Jacinto José Pérez Benítez, maxistrado xuíz titular do Xulgado do Mercantil número dous de Pontevedra, estes autos de xuízo verbal, promovidos polo procurador dos tribunais sr. Sanjuán, actuando en nome e representación de *EAJ48 Evolución Multimedia, S.L.U.*, asistida do letrado sr. Bandrés, con-